

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Decreto 75/2004, do 2 de abril, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do Plan Galicia: primeira fase da autovía Sarria-A6 (Nadela). Clave LU/01/066.01.*

Con data do 29 de marzo de 2004, o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o proxecto de trazado do Plan Galicia: 1ª fase da autovía Sarria-A6 (Nadela). Clave LU/01/066.01.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguranza vial, unha vez que os usuarios poderán utilizar para os seus desprazamentos unha vía con parámetros e características que melloran as súas condicións de circulación e, a un tempo, con tal actuación conséguese avanzar no cumprimento dos obxectivos do Plan de dinamización económica-Plan Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de xaneiro de 2003.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de abril de dous mil catro,

#### *DISPOÑO:*

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de trazado do Plan Galicia: 1ª fase da autovía Sarria-A6 (Nadela). Clave LU/01/066.01.

Santiago de Compostela, dous de abril de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Alberto Núñez Feijoo  
Conselleiro de Política Territorial,  
Obras Públicas e Vivenda

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 25 de marzo de 2004 pola que se determinan as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas ás que se adscriben determinadas materias das establecidas no Decreto 253/1993, do 29 de xullo (Diario Oficial de Galicia do 25 de outubro).*

O Real decreto 989/2000, do 2 de xuño (BOE do 22 de xuño), establece as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, adscribe a elas os profesores do dito corpo e determina as materias que deberán impartir.

O artigo 4 do citado Real decreto 989/2000 dispón que as administracións educativas determinarán as especialidades a que se refire o anexo I dese real decreto, ás que lles corresponda impartir as materias establecidas nos seus currículos que non estean adscritas a ningunha especialidade no anexo III.

Definidas as ensinanzas mínimas correspondentes ao grao elemental e medio das ensinanzas de música polo Real decreto 756/1992, do 29 de xuño (BOE do 27 de agosto), o Decreto 253/1993, do 29 de xullo (DOG do 25 de outubro), establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos para o ámbito competencial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste Decreto 253/1993 establécense unha serie de materias propias do currículo desta Comunidade Autónoma. Cómpre, pois, determinar as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas ás que lles corresponde impartilas.

Na súa virtude, e en uso da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### *DISPÓN:*

Artigo único.-As materias que figuran no anexo a esta orde serán impartidas preferentemente polos titulares das especialidades que se relacionan no dito anexo. Así mesmo, no caso das materias adscritas a diferentes especialidades, a orde en que estas figuran no devandito anexo non significa prelación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Persoal para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2004.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO

Materia	Especialidade
Música activa	Linguaxe musical
Audicións comentadas	Linguaxe musical Fundamentos de composición Historia da música
Piano complementario	Fundamentos de composición Linguaxe musical Piano
Acompañamento	Fundamentos de composición Linguaxe musical Piano
Análise	Fundamentos de composición
Repertorio	Canto
Lingua inglesa	Canto
Lingua alemana	Canto
Lingua francesa	Canto
Lingua italiana	Canto

*Orde do 5 de abril de 2004 pola que se autoriza o aboamento de gastos complementarios con cargo ao programa de gratuidade de libros de texto para o curso escolar 2003-2004.*

Por Orde do 6 de xuño de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* do 12 de xuño) convocouse o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos e establecéronse as súas normas de organización e funcionamento.

Mediante esta orde a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asumiu o compromiso ante a sociedade de iniciar no ano 2003 un proceso que camiñe cara á gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio.

Tal e como establecía o artigo terceiro da citada orde, no curso 2003-2004 implantouse o programa de gratuidade de libros de texto no 6º curso de educación primaria, de xeito experimental.

Na orde de convocatoria establecíase un prazo para a presentación de xustificacións de gastos ata o 31 de outubro de 2003. Con posterioridade a esta data, e unha vez revisada a documentación presentada polos centros, observouse que por diversas circunstancias as xustificacións presentadas padecían certos defectos contables que levaron a que non figuraran correctamente xustificadas os importes aboados con cargo ao citado programa, polo que, nalgúns casos, non foi posible efectuar os correspondentes pagamentos.

Considerando que estes atrancos son consecuencia da novidade da convocatoria e co fin de atinxir unha efectiva gratuidade de libros de texto no nivel educativo en que se implantou o programa neste curso escolar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**DISPÓN:**

Primeiro.-Autorizar o aboamento de importes complementarios con cargo ao programa de gratuidade

de libros de texto para o curso escolar 2003/2004 por adquisicións realizadas conforme a Orde do 6 de xuño de 2003 (DOG do 12 de xuño), nos casos en que nas xustificacións se producisen erros, sempre que os gastos figuren correctamente xustificadas polos centros afectados.

Segundo.-Os citados pagamentos realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.03.323A.480.0 dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2004, por importe de vinteun mil euros (21.000 €), podéndose ampliar, de ser o caso, con cargo a créditos da propia consellería, sempre que as disponibilidades orzamentarias así o permitan.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), ou ben poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE do 14 de xullo).

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa para ditar as resolucións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN  
LOCAL**

*Corrección de erros.-Orde do 24 de marzo de 2004 pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de material auxiliar de excarceración para misións de protección civil, aos concellos e mancomunidades de concellos galegos.*

Advertido un erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 67, do 6 de abril de 2004, procede facer a seguinte corrección:

Na páxina 4.878, o anexo da devandita orde, debe substituírse polo que se inserta a continuación.